

## O alumnado como protagonista: a exposición *Un ollar por Madrid*

Paula Cousillas Pena<sup>1</sup>

A oferta educativa de idiomas na Facultade de filoloxía da UCM é rica e ampla, e dentro desa listaxe contamos coa presenza do galego, un idioma que se pode cursar nas materias de Lingua Galega I e Lingua Galega II.

Como lectora de galego na UCM, entre as miñas diversas funcións, atópase a de completar a docencia destas materias xunto coas profesoras titulares, co obxectivo, entre outros, de que o alumnado adquira un dominio, primeiramente básico, e logo avanzado do idioma galego.

Este curso 2017/2018 foi un camiño dificultoso e interesante para a aprendizaxe persoal e profesional, xa que puideron comprobar de primeira man a complexidade que supón a práctica docente. Así, se ben é certo que xa tiña coñecementos previos principalmente teóricos sobre a praxe docente grazas á realización do Mestrado de profesorado da USC que viña de cursar, puideron ser plenamente consciente do traballo previo necesario para a posterior execución dos contidos na aula e, en definitiva, do enorme reto que supón adaptar a praxe ao contexto, sempre cambiante e diferente.

Deste xeito, e con independencia do maior ou menor grao de dominio teórico sobre os contidos da materia, a persoa docente debe ter diferentes capacidades e habilidades –que denominamos pedagóxicas–, que permitan axustar a práctica ás necesidades específicas da aula e, por tanto, a principal actividade do docente é a de coñecer previamente o seu alumnado.

Despois de facerlles un cuestionario inicial para comprobar o seu nivel de galego, coñecer

as linguas que manexan ou ter conta dos seus intereses e habilidades, coa finalidade de poder adaptar os contidos da materia, puideron comprobar que ao longo das aulas existía na aula unha lixeira e constante desmotivación xeralizada. Un problema que é, coido, moi frecuente en calquera materia e etapa educativa e, á súa vez, un problema moi complexo de solventar.

Intentei, pois, facer aulas participativas a través de actividades principalmente comunicativas, non só para que houbera unha práctica real da lingua, senón tamén para que foran dinámicas. Con todo, tiña a sensación de que non era suficiente, así que decidín argallar unha actividade un tanto diferente que permitiese loitar en diferentes fronteas, entre eles a de combater a mencionada desmotivación.

A actividade, que dei en denominar *Un ollar por Madrid*, consistiu na realización duns relatos curtos por parte do alumnado sobre un lugar de Madrid que lles transmitise calquera tipo de sentimento, recordo ou lles inspirase calquera tipo de historia. Ademais, xunto co relato, que non podía superar as 170 palabras, deberían axuntar unha fotografía do lugar evocado neste. Ao mesmo tempo, esta actividade adquiriu cariz interdepartamental, xa que para a súa realización traballou tanto o alumnado de galego como o de portugués, este último a cargo da profesora Maria Colom, quen gustosa colaborou intensamente comigo para levar a cabo a dita actividade.

Unha vez que a profesora Maria Colom e eu tivemos os relatos xuntos coas fotografías de todo o alumnado, reservamos un espazo da

<sup>1</sup> Universidad Complutense de Madrid, Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción. Correo-e: paulacou@ucm.es

facultade, en concreto o vestíbulo do Edificio A, para colocarmos os relatos e as fotografías a modo de exposición. Esta actividade permaneceu alí durante aproximadamente tres semanas, para o goce de todas as persoas que estivesen interesadas e, ademais, aquelas que quixesen podían tamén votar polo seu texto preferido. Para isto último, a profesora Colom e eu fixemos un caixa e unhas papeletas para votar.



Panel coa exposición fotográfica *Un ollar por Madrid* e no centro a caixa usada para votar


Unha vez que montamos a exposición nos paneis, cada unha de nós levou o seu grupo para que eles tamén participasen na escolla dos textos e puidesen ver os seus relatos máis os dos seus compañeiros.

Con esta actividade, tal e como acabo de mencionar, intentei acadar diferentes obxectivos que ían máis alá de ofrecer unha alternativa un tanto diferente na dinámica de aula para combater a desmotivación. Desta maneira, aproveitei para que todo o alumnado, de ambas as materias, puidese ter contacto directo coa lingua portuguesa e galega, e así observaren as semellanzas e diferenzas entre elas. Ao mesmo tempo, ao se crear esta actividade como exposición fotográfica, ademais de animar o alumnado na súa participación, serviu para darlle visibilidade e promoción á propia materia de galego e tamén á de portugués. Por último, esta exposición como actividade de aula tivo a finalidade básica de mellorar a expresión escrita e fomentar a creatividade do alumnado.

Tras o período de exposición, pasamos a facer un recuento dos votos e, a pesar de que houbo varios favoritos, un foi o que máis gustou. Neste sentido, a gañadora foi a alumna Carmen Canal Blanco co seu inquietante e terrorífico texto que, xunto coa fotografía, recollemos a continuación:

*Medo. Non podo atopar outra palabra mellor para describir o que sinto. Medo. É a sensación que me inunda cada vez que me achego á xanela. Emprego tódolos meus folgos en arredarme cada día desa ventá, pero hai algo que me atrae sen eu poder evitalo. Preciso ver cada día o Templo de Debob, que tantas e tantas lendas trae consigo, e que se ergue coma un monstro fronte á miña fiestra do outro lado da rúa, con ese silencio tan desalentador que, non sei por que, espero que se rompa algún día co berro daquel neno desaparecido nas augas daquel estanque.*

*Aquel escuro dezanove de novembro de hai catro anos presenciei cos meus propios ollos como aquelas augas engulían o cativo sen compaixón, arrastrándoo até as profundidades. Entón, podo dicir que o sentín por primeira vez: medo. Tentei arredarme de alí para sempre, pero a día de hoxe aínda non fun quen de facelo. Teño a estraña sensación de que alguén chama por min dende as profundidades do estanque, coma se o neno estivese pedíndome axuda, e por iso preciso comprobar cada día que non é certo. É coma se fose algo do outro mundo, máxico. Teño medo, pero a máxia non existe... ou si?*



Fotografía do Templo de Debob  
(Carmen Canal Blanco)

Finalmente, e desde a perspectiva da avaliación, resulta complicado someter os obxectivos marcados *a priori* a este tipo de análise, posto que foi simplemente unha actividade máis de aula e non prevín facer unha avaliación exhaustiva de cada un deses obxectivos. Así, desde un punto de vista totalmente persoal e subxectivo, coido que a tarefa, que rompe un pouco co molde habitual de dar aulas, foi ben recibida polo alumnado, posto que todos eles participaron de maneira activa na composición e entretivéronse coa lectura e a votación dos textos.